



## COMO CUBRIR O DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓN PREVIAS (DIP) COA AXUDA DA OFICINA COLEXIAL (OIP)

Por favor, **antes** de cubri-lo **ten en conta**:

- I. É recomendable **ler todo o documento antes de empezar** e fixarse moi ben onde hai que poñer o nome de cada cal: a/o outorgante (persoa que subscribe o documento), a/as ou o/os representante/s e as testemuñas.
- II. Escribe con **letra clara e preferiblemente con maiúsculas**.
- III. As identidades deben consignarse **tal como aparecen no DNI, que debe estar en vigor**.
- IV. O **lugar e a data, deben ser os mesmos en todos os apartados do DIP**.
- V. **Non se poden facer tachones, nin correccións**, pois se invalida o documento (por iso é aconsellable que fagas unha fotocopia antes de escribir algo, por se te confundes).
- VI. Se decidiches nomear Representante ou Representantes, estes deben ser designados na parte prevista no DIP: **Designación de representante interlocutor** e asinar o **ANEXO III** da Solicitud de Inscripción no REGAIP. Debes traer unha/ **s fotocopia/ s en vigor do seu/ s DNI** (non é imprescindible ter Representante, aínda que si moi recomendable)
- VII. Convén facer **unha fotocopia do DIP** para ti e outra para cada unha das persoas representantes.
- VIII. Se o vas a formalizar ante tres testemuñas, estes deben asinar todas as follas do DIP e cubrir e asinar a **Declaración das Testemuñas** achegando **fotocopia/ s en vigor do seu/ s DNI** e o **ANEXO II** da Solicitud de inscripción no REGAIP asinado. As Testemuñas non teñen obrigatoriamente que ver o contido do documento.
- IX. **Unha vez completados os pasos**, para rexistrar no REGAIP o teu **Documento de Instrucción Previas** meteremos nun sobre que che facilitaremos, os seguintes documentos:
  - a. O Documento de Instrucción Previas da persoa Outorgante e unha fotocopia do seu DNI
  - b. No seu caso, a designación do/a ou dos/ as Representante/s e unha fotocopia dos seus DNI
  - c. A Declaración das Testemuñas e unha fotocopia dos seus DNI.Engadiremos a este sobre a Solicitud de Inscripción do DIP no REGAIP.
- X. Presentarase, tal e como acordemos, o sobre e a Solicitud no Rexistro Galego de Instrucción Previas (REGAIP) polos procedementos establecidos.